

COMISIÓN INFORMATIVA DE TERMALISMO, TURISMO E MEDIO AMBIENTE

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **21 de xullo de 2022**

Ás 17.35 horas do día 21 de xullo de 2022, reúnese a Comisión Informativa de Termalismo, Turismo e Medio Ambiente, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidenta: D.^a Ana María Villarino Pardo

Deputados/as do Grupo Popular:

D. César Manuel Fernández Gil

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D. Álvaro Vila Araújo

D.^a Margarita Pérez Fernández

Deputados de Democracia Ourensana: D. Armando Ojea Bouzo

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 16 DE XUÑO DE 2022.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 16 de xuño de 2022.

Non se producen intervencións e por maioría, a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Termalismo, Turismo e Medio Ambiente do día 16 de xuño de 2022, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

3º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

Antes de entrar na quenda de rogos e preguntas, a **presidenta da comisión** intervén para contestar unha serie de cuestións pendentes da comisión informativa do mes de xuño. Sobre a pregunta formulada por don Álvaro Vila, do Grupo Socialista, sobre o novo contedor de lixo orgánico, indica que desde a Área de Medio Ambiente se lle informou que coa entrada en vigor da Lei 7/2022, se obriga ás administracións públicas a establecer mecanismos de control e caracterización periódicos e obriga aos cidadáns a separar. É pos isto que se vai facer necesario elaborar e aprobar, de forma consensuada entre a Deputación e os concellos, un programa provincial de prevención de residuos e un plan provincial de xestión de residuos. Respecto aos biorresiduos, as alternativas ao 5º contedor, coas diferentes opcións de compostaxe, non se poden resolver coas campañas desenvolvidas ata agora, razón pola que se están poñendo en marcha novas campañas que inclúen experiencias piloto de compostaxe comunitaria, autocompostaxe en núcleos completos e a recuperación do proxecto piloto de recollida FORSU de grandes produtores.

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, pregunta que se desde a Área de Medio Ambiente se ten prevista algunha actuación en relación coa praga de incendios que está sufrindo a provincia.

A **presidenta da comisión** informa que o parque de maquinaria da Deputación puxo vehículos a disposición do mando único para a extinción en diferentes zonas da provincia e lembra que hoxe mesmo, o Consello da Xunta aprobou axudas directas destinadas a persoas que perderon as súas vivendas, engadindo que o Estado central aínda non concretou ningunha axuda.

D. Bernardo Varela López, do BNG, intervén para sinalar que no día de hoxe remitiu unha proposta de declaración institucional sobre a praga de incendios, que se tratará na Xunta de Portavoces de mañá, esperando que conte co apoio de todos os grupos e que debe referirse a toda a provincia e incluso a toda Galicia.

E, ás 17.45 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.